

ENFIANDO

UNHA RECOMENDACIÓN TERAPÉUTICA



Texto

Francisco X.
Fernández Naval
Escritor

Vivimos días confusos, a vida pública extraviada en mensaxes de ira, en palabras de ferro; días de crispación, de chantaxe, días sen alma. Sospeito que a sociedade civil permanece relativamente allea a esa actividade canalla que se expresa nos debates parlamentarios, nas tertulias da radio e da televisión e que cada mañá recollen—por obriga as máis das veces, aínda que nalgúns casos de maneira interesada— os medios de comunicación. Sospeito que a convivencia entre nós é cousa máis tolerante, máis rica, máis entrañable que eses exemplos que recibimos, malia os brotes racistas e malia a violencia de xénero. Porén, ás veces, nestes últimos meses, un chega a pensar que é posible a excisión, que a sombra da fractura xorde de novo polo burato máis negro da historia, que as fantasmas que crimos definitivamente superadas regresan coma unha maldición e que fomos inxenuos pensándonos libres da dor que viviron os nosos avós e os nosos pais.

Todos e cada un de nós, as mulleres e homes que nos cruzamos na rúa, que compartimos espera na consulta do médico, que facemos cola na caixa do hipermercado, que buscamos un café nas mañás frías

de inverno e unha raiola de sol nas tardes que anticipan a primavera, somos boa xente e non nos merecemos tanto desprezo, tanta agresión e tanto engano. Engano, si, porque nesa espiral de carraxe as palabras perden o valor e só agochan mentira.

Diante disto, é necesario recuperar territorios de inocencia, reconstruír horizontes de esperanza, devolverlle ás palabras o seu valor, prender a luz, identificármonos na comprensión e no abrazo. Haberá quen busque refuxio na relixión, quen decida o esquecemento na masa de seareiros dun estadio de fútbol.

Eu fago unha proposta a contra pé. Trátase dunha recomendación terapéutica, tal e como indica o título deste artigo. Sei que terapéutica é a propiedade da miña receita porque cada mañá practico

“O verso como terapia contra a barbarie e contra o desencontro”

con ela cando o almorzo. Propoño ler poesía.

A poesía ofrécenos a posibilidade de mirámonos a nós mesmos cara adentro, de buscar canto de inocente sobrevive aínda no adulto que somos e, dende esa procura, dende esa reconstrución moral diante da agresión, ser en plenitude. Considero que a poesía foi e segue sendo, acaso hoxe máis que en ningún outro momento, elemento crítico e revolucionario. Ela é o coñecemento intuitivo que nos permite achegármonos á verdade, dialéctica permanente entre verdade e a ditadura da realidade—verdade e realidade non son a mesma cousa— expresada en toda esa cólera e ruído que estamos a rexeitar dende aquí. Ela axúdanos a buscarlle as beiras ás cousas máis confusas, ir máis alá do evidente, a nos comprender. A poe-



esía, marxinal polo poder do mercado, habita nos ángulos e intersticios da sociedade e a súa condición de xénero minoritario non debera asustar, ao cabo hai poetas e versos para cada lector.

Eu propoño hoxe dúas voces para iniciar o tratamento. Trátase de dúas voces nosas, de libros recentes e fermosos: Medos Romero, que en Libros da Frouma publicou “A seitura dos tristes” e de Manuel Álvarez Torneiro quen na colección Tambo da Deputación de Pontevedra entregounos a “Parábola do incrédulo”.

Da primeira son estes versos que ilustran o contido deste artigo: “Todas as pegas dos presaxios andan a voar famentas,/ a perder o tempo entre dos piñeiros./ Menten. Xa non hai sinal nin perda algunha/ nas súas mensaxes descifradas”.

Álvarez Torneiro, como é habitual en cada novo libro que nos agasalla, tece un universo de palabras para facernos libres. Hai, porén, un poema que titulado precisamente “A poesía”, rebule arredor do que vimos de dicir. Nel o autor expresa esa certeza de que a poesía vai vella e nace hoxe, e ofrécenos versos coma estes: “A poesía foi corazón traballado:/ un corazón civil, unha erótica branca,/ o perfume do oculto,/ definitivo azul na mancha da existencia”.

En serio, un poema, sequera un poema ao día, co almorzo, na merenda ou despois da cea, en xaxún ou co estómago cheo, sós ou en compañía de outro, o verso como terapia contra a barbarie e contra o desencontro.

Arriba, Manuel Álvarez Torneiro.
Abaixo, a poeta ponteasa Medos Romero

